



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

**APLICACIÓN DE BOAS PRÁCTICAS
PARA A XESTIÓN DE CENTROS DE
DÍA DESDE UN MODELO DE
ATENCIÓN CENTRADO NA
PERSOA**




- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
 - 02.** FUNDAMENTACIÓN
 - 03.** OBXECTIVOS
 - 04.** CONTIDOS FORMATIVOS
 - 05.** PERSOAS DESTINATARIAS
 - 06.** CALENDARIO
 - 07.** METODOLOXÍA
 - 08.** AVALIACIÓN
 - 09.** DOCENTE



ÍNDICE

RESUMO DO CURSO




100 horas



Do 5 de marzo ao 3 de xuño de 2025



Teleformación con sesións online



67€ para persoas colexiadas e pre-colexiadas
134€ para persoas non colexiadas



APLICACIÓN DE BOAS PRÁCTICAS PARA A XESTIÓN DE CENTROS DE DÍA DESDE UN MODELO DE ATENCIÓN CENTRADO NA PERSOA

-  100 horas
-  Teleformación con 3 sesións online
-  5 de marzo ao 3 de xuño de 2025
-  Persoas colexiada sou pre-colexiadas **67€** ~~antes 134€~~
Persoas non colexiadas **134€**
-  **Docente:** Susana Seoane Veiras - Traballadora Social
-  **Inscripción aberta** ata o 23 de febreiro de 2025 ou ata completar prazas



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia


FUNDAMENTACIÓN

A **Atención Centrada na Persoa (ACP)** é un enfoque que prioriza ao ser humano, defendendo os seus dereitos e a súa autodeterminación. É unha forma de “mirar” á persoa que a recoñece como **axente activo con capacidade para decidir sobre si mesma** (Martínez, Díaz-Veiga, Sancho e Rodríguez, 2014). É, así mesmo, unha **atención profesionalizada** que busca a calidade de vida das persoas que necesitan coidados, dando prioridade ao respecto a súa individualidade, ao seu modo de vida e as súas preferencias (Martínez, 2016).

Os Centros de Día son recursos de apoio ás persoas e as súas familias para a continuidade na súa contorna cando se precisan apoios por unha situación de dependencia sobrevida. Polo tanto, si dende este servizo quérese ofrecer unha atención personalizada centrada na autonomía das persoas, como capacidade para exercer o control do seu proxecto de vida é fundamental que se realice o acompañamento dende a óptica deste novo modelo, que supera aspectos organizativos para xirar en torno a cada persoa e polo tanto é necesario superar as barreiras de modelos antigos de facer o apoio e buscar formas prácticas e operativas de converter en realidade estas premisas de dereitos ás que insta a OMS.


OBXECTIVOS

- Ser capaz de aprender aspectos relacionados co concepto de modelo de atención centrado na persoa e diferencialo de outros modelos de atención.
- Coñecer o concepto de calidade de vida e como aplicar o modelo ACP en centros de día para conseguilo.
- Ser capaz de identificar os principios e criterios na atención integral centrada na persoa en situacións de dependencia.
- Coñecer e desenvolver estratexias metodolóxicas na xestión de centros de día orientados a ACP.
- Identificar sistemas de avaliación do modelo de atención centrado na persoa nun centro de día e saber desenvolver boas prácticas nesta dirección.





CONTIDOS FORMATIVOS



MÓDULO 1. INTRODUCCIÓN O MODELO DE ATENCIÓN CENTRADO NA PERSOA E CALIDADE DE VIDA. MARCO CONCEPTUAL(10H)

MÓDULO 2. CAMBIO DE PARADIGMA NOS CENTROS (10H)


MÓDULO 3. A IMPORTANCIA DO CAMBIO DE MODELO (10H)

MÓDULO 4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS NA XESTIÓN DE CENTROS DE DÍA ORIENTADOS AO MODELO ACP (40H)

MÓDULO 5. AVALIACIÓN E BOAS PRÁCTICAS NA ATENCIÓN XERONTOLÓXICA DESDE A ACP NOS CENTROS (30H)

PERSOAS DESTINATARIAS

PREFERENTEMENTE PROFESIONAIS DO TRABALLO SOCIAL COLEXIADAS OU PRECOLEXIADAS NO COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA E OUTRAS PROFESIÓNS RELACIONADAS CO ÁMBITO DO SOCIAL.



O curso desenvolverase en formato de teleformación e contará con 3 sesións online en directo:

SESIÓNS ONLINE


DATAS

HORARIO

SESIÓN 1	25/03/2025	18:00–20:00
SESIÓN 2	24/04/2025	18:00–20:00
SESIÓN 3	22/05/2025	18:00–20:00

Ademais o calendario de desenvolvemento de cada módulo será nas seguintes datas:

- **Módulo 1** do **5 ao 16** de marzo (10 horas)
- **Módulo 2** do **17 ao 30** de marzo (10 horas)
- **Módulo 3** do **31** de marzo ao **13** de abril (10 horas)
- **Módulo 4** do **14** de abril ao **11** de maio (40 horas)
- **Módulo 5** do **12** de maio ao **31** de maio (30 horas)



CALENDARIO

METODOLOXÍA



A metodoloxía da formación é a da teleformación (Moodle), estará baseada na visualización e estudo semanal de cada un dos temas anteriores, os cales conterán:


- 1 arquivo co temario principal do tema.
- 1 foro onde haberá que responder a un caso práctico relacionado co tema.
- 1 apartado de anexos relacionados coa temática da unidade didáctica.
- 1 exercicio de avaliación para superar o tema
- Clase virtual

De igual forma a plataforma de formación tamén conterá:

- Un apartado con material audiovisual
- Un apartado con enlaces de interese
- Un foro xeral, para consultar cuestións xenéricas do curso.

O alumnado contará dun correo electrónico coa docente para resolver calquer dúbida que precise.

AVALIACIÓN



A avaliación constará dunha parte de carácter teórico onde tras a visualización dos contidos deberá superar un test por cada módulo formativo de 10 preguntas sobre a materia explicada e onde mínimo deberá superar o 50% das mesmas.

A avaliación do exame suporá un 40% da nota final.

Así mesmo haberá un exercicio de cada módulo no que se avaliará a adquisición práctica dos contidos expostos e que suporá un 60% da nota final.

Ademais para superar a formación o alumnado deberá asistir ao 75% do total das horas das sesións online, un total de **3 sesións online**.

A stylized letter 'S' in a bold, olive-green font, enclosed within a thin black outline of a rounded rectangle.

SUSANA

Diplomada en Traballo Social e especializada en Xerontoloxía e Atención Centrada na Persoa e en Dependencia e xestión de Servizos Sociais. Con máis de 18 anos de experiencia con persoas con discapacidade, realizando docencia de diferentes cursos relacionados ca atención sociosanitaria, participado na posta en marcha, desenvolvemento e coordinación dunha empresa de axuda a domicilio. Actualmente desde fai 11 anos exerce como responsable de contrato da entidade na xestión de 9 centros de día públicos onde as funcións fundamentais son a xestión do equipo e supervisión.

SEOANE VEIRAS

A stylized monogram 'SV' in a bold, olive-green font, enclosed within a thin black outline of a rounded rectangle.


A stylized letter 'S' in a bold, olive-green font, enclosed within a thin black outline of a rounded rectangle. The background features a repeating pattern of faint, light-green letters 'S', 'V', 'D', 'E', 'N', 'C', 'O', 'T'.

SUSANA

“Me move a aprendizaxe coas persoas desde o acompañamento a súa identidade e dignidade. Desde que estudei a carreira de Traballo Social me moveu o potencial humano e a nivel profesional o realizo na xestión de servizos de apoio a persoas en situación de dependencia ou con discapacidade, tanto na intervención social directa, como na responsabilidade de coordinación dos recursos de axuda a domicilio, asistencia persoal ou centros de día.”

SEOANE VEIRAS

A stylized logo consisting of the letters 'S' and 'V' in a bold, olive-green font, enclosed within a thin black outline of a rounded rectangle. The background features a repeating pattern of faint, light-green letters 'S', 'V', 'D', 'E', 'N', 'C', 'O', 'T'.



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

